



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

ANO:

2014

TÍTULO:

**REPOSICIÓN DE 11 CENTROS DE TRANSFORMACIÓN ELÉCTRICOS
DE MEDIA TENSIÓN AFECTADOS POR ACTOS DE VANDALISMO**

SITUACIÓN:

PARQUE EMPRESARIAL DE NANTES - (SANXENXO)

PROMOTOR:

CONCELLO DE SANXENXO

ENXEÑEIRO TÉCN. MUNICIPAL:

JOSÉ M^a TRONCOSO VIÑAS

ORZAMENTO:

178.982,84 € IVE incluído

DATA:

XANEIRO 2014



CONCELLO DE

SANXENXO

Consistorio, 4
36960 Sanxenxo
Pontevedra

Tel.: 986 720 075
Fax: 986 721 022

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

INDICE

- 1.- INTRODUCCIÓN.
- 2.- NATURALEZA DAS ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS NO PRESENTE PREGO.
- 3.- PRAZO DE EXECUCIÓN PREVISTO PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO.
- 4.- ZONAS DE ACTUACIÓN.
- 5.- MARCO NORMATIVO.
- 6.- CARACTERÍSTICAS TECNICO-ECONÓMICAS DAS ACTUACIÓNS A REALIZAR.
- 7.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.
- 8.- ACOPIO E ENTREGA DO MATERIAL RETIRADO NAS TAREFAS DE REPOSICIÓN DOS CENTROS DE TRANSFORMACIÓN.
- 9.- RECEPCIÓN DAS INSTALACIÓNS.
- 10.- ORZAMENTO.

REPOSICIÓN DE 11 CENTROS DE TRANSFORMACIÓN ELÉCTRICOS DE MEDIA TENSIÓN AFECTADOS POR ACTOS DE VANDALISMO NO PARQUE EMPRESARIAL DE NANTES - SANXENXO.

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS.

1. INTRODUCCIÓN

O Concello de Sanxenxo pretende acometer as actuacións necesarias para levar a cabo a reposición efectiva de 11 unidades de centros de transformación eléctricos (C.T.) de media tensión afectados por actos de vandalismo no Parque Empresarial de Nantes – Sanxenxo.

Para elo contratará a subministración con empresas do sector, previa a realización dos trámites legais e administrativos que procedan, as cales levarán a cabo as actuacións reflectidas no presente Prego tomando como base as condicións legais e técnicas reflectidas no mesmo.

2. NATUREZA DAS ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS NO PRESENTE PREGO

Dado que se trata dunha reposición de instalacións eléctricas executadas no seu día e que están afectadas, total ou parcialmente, por actos de vandalismo, considérase que se trata dun contrato de subministración e instalación de materiais e equipos eléctricos e mecánicos, podendo cuantificarse a natureza das actuacións contempladas no presente Prego, porcentualmente, como segue:

- SUBMINISTRACIÓN: 75%
- INSTALACIÓN: 25%

3. PRAZO DE EXECUCIÓN PREVISTO PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO

O prazo de execución previsto para a execución do contrato de referencia, incluíndo a subministración e instalación completa dos elementos afectados será de **DOS (2) MESES** dende a sinatura do contrato.

4. ZONAS DE ACTUACIÓN

As actuacións que se recollen no presente Prego radicaranse nos seguintes centros de transformación eléctricos (C.T.) de media tensión sitos no Parque Empresarial de Nantes – (Sanxenxo):

- C.T. nº 1 – (630 Kva)
- C.T. nº 2 – (630 Kva)
- C.T. nº 4 – (630 Kva)
- C.T. nº 5 – (630 Kva)
- C.T. nº 6 – (630 Kva)
- C.T. nº 7 – (630 Kva)

- C.T. nº 8 – (630 Kva)
- C.T. nº 9 – (630 Kva)
- C.T. nº 11 – (630 Kva)
- C.T. nº 12 – (630 Kva)
- C.T. nº 15 – (630 Kva)

No anexo nº 1 incluído no presente Prego, reflíctense a situación de cada C.T.

5. MARCO NORMATIVO

Terase en conta a seguinte normativa:

- Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimiento de autorización de instalaciones de energía eléctrica.
- Normalización Nacional (Normas UNE).
- Reglamento sobre condiciones técnicas y garantías de seguridad en líneas eléctricas de alta tensión y sus instrucciones técnicas suplementarias. (Real Decreto 223/2008, 15 de febrero).
- Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, por el que se aprueba el Reglamento Electrotécnico de Baja Tensión y sus ITC.
- Reglamento sobre condiciones técnicas y garantías de seguridad en centrales eléctricas, subestaciones y centros de Transformación e instrucciones técnicas complementarias. (Real Decreto 3.275/82 de 12 de noviembre).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de octubre, por el que se establecen las disposiciones mínimas de seguridad y salud en las obras de construcción.
- P.X.O.M. e demais Ordenanzas municipais.
- Normas particulares da Compañía distribuidora de enerxía eléctrica.

6. CARACTERÍSTICAS TÉCNICO-ECONÓMICAS DAS ACTUACIÓNS A REALIZAR

Nos Anexos nº 1 e 2, correspondentes ao plano de situación e ao orzamento, reflíctense as características técnico-económicas das actuacións a realizar contempladas no presente Prego.

Levaranse a cabo todas as actuacións (incluíndo a limpeza, desmontaxes, transportes, subministro de materiais, acopios, reparacións, instalación, montaxe e conxestionado de todos os materiais e equipos eléctricos e mecánicos), necesarias para levar a cabo a reposición efectiva das 11 unidades de centros de transformación eléctricos (C.T.) de media tensión contemplados no presente Prego e que foron afectados por actos de vandalismo no Parque Empresarial de Nantes – Sanxenxo.

7. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

O adxudicatario do contrato terá as seguintes obrigas:

- a) Todos os materiais e subministros utilizados deberán ser da máxima calidade e cumprir coa normativa en vigor aplicable ao obxecto del contrato, así como as normas particulares da Compañía distribuidora de enerxía eléctrica.

- b) O adxudicatario está obrigado a cumprir todas as disposicións e normativas vixentes vinculadas ao subministro de referencia , especialmente as especificadas no apartado 5.
- c) Os centros de transformación vinculados ao presente Prego quedarán totalmente reparados, instalados e conexionados de acordo coa normativa vixente e as normas particulares da Compañía distribuidora de enerxía eléctrica, así como realizadas as probas e ensaios pertinentes, preparados para a súa posta en tensión.

8. ACOPIO E ENTREGA DO MATERIAL RETIRADO NAS TAREFAS DE REPOSICIÓN DOS CENTROS DE TRANSFORMACIÓN

O adxudicatario realizará, ao seu cargo, as tarefas de acopio e clasificación da totalidade do material retirado con motivo da reparación dos centros de transformación vinculados ao presente Prego.

A totalidade do material retirado será entregado á Administración contratante ou á Xunta de Compensación do Parque Empresarial; segundo proceda; debidamente paletizado e clasificado, no lugar que se determine.

9. RECEPCIÓN DAS INSTALACIÓNS

Previo á recepción por parte del Concello, das instalacións contempladas no presente Prego, o adxudicatario deberá aportar un informe emitido por Unión Fenosa Distribución, S.A. onde a Compañía distribuidora de enerxía eléctrica faga constar a súa conformidade en cuanto á subministración e correcta instalación, previa a súa posta en tensión, dos centros de transformación eléctricos (C.T.) de media tensión vinculados ao presente Prego; todo elo sen prexuízo dos demais informes, certificados, documentos e ensaios que deba aportar o adxudicatario para a recepción efectiva dos mesmos e que lle sexan requiridos por la Administración contratante.


10. ORZAMENTO

O orzamento total para levar a cabo a reposición de 11 unidades de centros de transformación eléctricos (C.T.) de media tensión vinculados ao presente Prego ascende a un total de **CENTO SETENTA E OITO MIL NOVECIENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (178.982,84 €), IVE INCLUÍDO.**

No anexo nº 2 incluído no presente Prego, reflíctense as distintas actuacións que compoñen o devandito orzamento.

Sanxenxo, Xaneiro de 2.014

O Enxeñeiro Téc. Municipal


Asdo.: José María Troncoso Viñas



CONCELLO DE

SANXENXO

Consistorio, 4
36960 Sanxenxo
Pontevedra


Tel.: 986 720 075
Fax: 986 721 022

ANEXO – 1

SITUACIÓN DOS

CENTROS DE

TRANSFORMACIÓN



[Handwritten signature]



CONCELLO DE

SANXENXO

Consistorio, 4
36960 Sanxenxo
Pontevedra

Tel.: 986 720 075
Fax: 986 721 022

ANEXO – 2

ORZAMENTO

ANEXO-2 - ORZAMENTO**REPARACIÓN DE 11 CENTROS DE TRANSFORMACIÓN ELÉCTRICOS DE MEDIA TENSIÓN****REPARACIÓN DE 11 CENTROS ELÉCTRICOS DE TRANSFORMACIÓN DE MEDIA TENSIÓN.**

Realizaranse as seguintes actuacións, **total ou parcialmente nos 11 centros de transformación reflectidos no apartado 4. do presente Prego**, en función do estado de deterioro de cada instalación:

- Desmontaxe de transformadores, incluso clasificación, embalaxe e transporte de materiais.
- Limpeza interior dos centros de transformación, incluso transporte de materiais a vertedoiro homologado ou lugar de tratamento.
- Desmontaxe de celdas de M.T., incluso clasificación, embalaxe e transporte de materiais.
- Subministro, montaxe e instalación de transformadores 630 Kva/20kV homologados pola Compañía distribuidora de enerxía eléctrica.
- Subministro, montaxe e instalación de celda modular de liña SF6 1L motorizada con telemando, homologada pola Compañía distribuidora de enerxía eléctrica.
- Subministro, montaxe e instalación de celdas modulares de liña de protección de trafo SF6 1P, homologadas pola Compañía distribuidora de enerxía eléctrica.
- Subministro, montaxe e instalación de conxunto de celdas compactas SF6 2L1P, homologadas pola Compañía distribuidora de enerxía eléctrica.
- Adecuación de conxunto de celdas compactas SF6 2L1P.
- Subministro, montaxe e instalación de xogo de interconexión embarrado de celdas illadas SF6, homologadas pola Compañía distribuidora de enerxía eléctrica.
- Subministro, montaxe e instalación de circuíto de disparo de protección con sonda térmica, homologado pola Compañía distribuidora de enerxía eléctrica.
- Subministro, reparación, montaxe e conxectivo de cadros de protección B.T.
- Subministro, reparación e montaxe de reixas de protección existentes, con malla regulamentaria.
- Reparación de portas de acceso existentes.
- Subministro e instalación de rede de terras en interior de C.T.

- Subministro e instalación de alumeado interior no C.T., incluso alumeado de emerxencia.
- Subministro e instalación de terminación atornillable acodada 2R 240mm² 12/20 kV apantallada.
- Subministro e instalación de empalme contráctil frío RHZ1-20L 12/20 Kv 1X240 Al.
- Subministro e instalación de liña trifásica subterránea M.T. CAB.A.SECO RHZ1-20L 12/020 kV 1*240 mm² Al.
- Subministro e instalación de fusibles M.T. 63A protección de trafo.
- Subministro e instalación de placas de perigo en C.T.
- Aporte de certificados das postas terra de neutro e ferraxes, así como a medición das tensións de paso e contacto nos centros de transformación. Certificado emitido por Organismo de Control Homologado.

Orzamento Total sen IVE 147.919,70 €


IVE (21%) 31.063,14 €

ORZAMENTO TOTAL con IVE 178.982,84 €

Ascende a totalidade do presente orzamento á expresada cantidade de **CENTO SETENTA E OITO MIL NOVECIENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS.**

Sanxenxo, Xaneiro de 2014

O ENXEÑEIRO TÉCNICO MUNICIPAL



Asdo: José María Troncoso Viñas